

Resolución do 26 de xullo de 2021, da Comisión de selección do concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería (Resolución do 10 de xuño de 2021)

A Comisión de selección do concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería (Resolución do 10 de xuño de 2021), segundo o disposto no artigo 6 da resolución de convocatoria,

ACORDA:

Primeiro. Facer pública, como anexo desta resolución, a baremación provisional de méritos das persoas aspirantes e a praza provisionalmente adxudicada.

Segundo. A publicación realizarase no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade: <http://www.edu.xunta.gal>

Terceiro. Segundo o establecido no artigo 6.4 da orde de convocatoria, as persoas aspirantes poden facer as reclamacións que consideren, no prazo de tres días hábiles contados dende o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela,

José Luis Canosa Baldomir

Presidente da Comisión de selección

